

Cando chegou o ferrocarril Betanzos ollado por un basco no 1883

XESÚS TORRES REGUEIRO*

INTRODUCCIÓN


O primeiro de setembro de 1883, hai 110 anos, despois de longa e demorada espera, inaugurábase oficialmente o chamado camiño de ferro do Noroeste que abría unha nova vía de comunicación entre A Coruña e a capital do Estado. Un cuarto de século duraron os lentos traballos no medio de dificultades propias da obra e entorpecementos alleos. Entre A Coruña e Lugo, primeira fase do proxecto, xa circulaba o ferrocarril dende 1875, sendo Betanzos unha das etapas do traxecto. Así pois, a silueta fumegante da locomotora, "Cristo dos tempos modernos", cantada por Curros como portadora da fartura, a luz e o progreso, era xa coñecida en Betanzos dende uns anos antes. (1)

No mesmo ano de 1883 publicábase en Palencia un libríño co título *De Palencia á La Coruña* (2)

que viña a ser, cal guía turística da época, unha descripción pormenorizada de todos aqueles lugares, vilas e cidades que o intrépido viaxeiro tería oportunidade de ollar ou albiscar dende que subira ao convoi na estación de Palencia ata tomar terra na primitiva estación coruñesa. Para o seu autor, o ferrocarril tamén debía ser unha avanzadiña do progreso e un axente de desenrolo económico. Por iso, nesa liña propagandística dos novos camiños de ferro que se estaban a abrir na época, ademais da viaxe descriptiva citada e que dá pé a estas notas, fixo tamén a descripción doutro itinerario férreo: *De Palencia á Oviedo y Gijón*.

NOTICIA DE BECERRO DE BENGOA

O autor, Ricardo Becerro de Bengoa, un basco de Vitoria (Gasteiz), onde naceu no 1854, asentado á sazón na capital palentina e exercendo como catedrático de Física e Química no seu Instituto, era xa por aquelas datas unha personalidade relevante. No 1888, uns anos despois desta viaxe á Galiza, unha importante enciclopedia da época incluía unha cumprida biografía de Becerro de Bengoa, de quen dicía que "joven aún, ha desempeñado ya tales cargos y tiene tantos merecimientos oficiales y no oficiales que su enumeración sería prolija y enojosa" (3). Tamén recollía a súa biografía anos máis tarde —xa morto o biografiado— a famosa enciclopedia "Espasa",




Ricardo Becerro de Bengoa

* Xesús Torres Regueiro é betanceiro, profesor e escritor.

(1) Erias Martínez, A.: "A chegada do ferrocarril a Betanzos", en *Anuario Brigantino* 1983, núm 6. Concello de Betanzos, 1984.

(2) Becerro de Bengoa, R.: *De Palencia à La Coruña*. Colección "Viajes descriptivos. Caminos de Hierro de León, Asturias y Galicia". Palencia, "Alonso y Z. Menendez, Editores", 1883

(3) Voz "Becerro de Bengoa (Ricardo)", en *Diccionario Enciclopédico Hispano-Americano*, t. III, páx. 381; Barcelona, Muntaner y Simón, 1888.



*A Coruña no 1884, recién inaugurado o ferrocarril directo a Madrid
(Gran Enciclopedia Gallega, t. 12, p. 167.).*

acompañada dunha fotografía do personaxe que aquí reproducimos (4). En ambas biografías –que xa non inclúen as enciclopedias actuais ao uso– ficaba de manifesto a polifacética personalidade, as fondas inquedanzas intelectuais e políticas e a enorme produción escrita sobre os temas máis variados (historia, física, química, minería, arqueoloxía, xeografía, arte, biografía, literatura...) deste gasteiztarra constante e laborioso.

Xornalista e escritor, político, caricaturista e debuxante –mesmo os planos do trazado férreo que describiu son obra súa–, cronista da súa cidade natal, Académico da de Historia e da de Belas Artes, membro de moitas outras sociedades e institucións culturais e académicas, profesor... Eis algunhas das súas plurais actividades.

Moi novo comenzou a súa inquedanza xornalística colaborando en moitas e variadas publicacións (*Euskaldun, Iruracbat, El Porvenir Alavés, La Revista Contemporánea, La Ilustración Española y Americana...*) e dirixindo e fundando outras. Liberal e republicano –con atisbos federalistas– dende a xuventude, con apenas vintecatro anos foi secretario do Pacto de Eibar, redactando o Manifesto que propuña unha estrutura federal do Estado, baseada no foralismo basco. Foi Deputado a Cortes e Senador dentro da conxunción liberal-republicana, pola súa provincia natal. No 1902, ocupando este último cargo e a cátedra de Física e Química no Instituto madrileño de San Isidro, acaeceu o seu pasamento aos cincoenta e sete anos.

Descoñezo se os palentinos se lembran deste home, mais razóns teñen dabondo para facelo. Nos dezaseis anos que arraizou en Palencia dinamizou fondamente a vida cultural da cidade fundando o Ateneo, o Observatorio Meteorolóxico, a Biblioteca Pública, unha escola de Artes e Oficios e catro periódicos.

(4) Voz "Becerro de Bengoa (Ricardo)", en *Enciclopedia Universal Ilustrada Europeo-Americana*; Barcelona, Espasa-Calpe, s.d., páx 1403-1404.



Betanzos no 1885. Debuxo de Jaspe. Tomado de A. Erias, "As rías de Betanzos", en A B 1985.

UNHA OLLADA AO BETANZOS DE 1883

Unha boa parte da viaxe descriptiva que nos ocupa transcorre por terras galegas, e aínda pola Galiza "irredenta", a comarca do Bierzo, o que fai do libriño un interesante documento sobre a Galiza de finais do XIX, recién aberta ao exterior polo ferrocarril e ollada por un viaxeiro culto e curioso.

A descripción que Becerro fai da Galiza –como ben enxergou o profesor galego da Universidade de Deusto, Xosé Estévez, nun interesante artigo (5)– amosa unha fartureta información do país e das súas xentes e unha visión garimosa e ao mesmo tempo crítica e aguda, non pasándolle desapercibida a mísera e penosa situación dos labregos, o cancro da emigración, a lixeira castelanización entre certas capas sociais, ou aínda a importancia de Rosalía no eido cultural e literario. Nas súas impresións a través das fiestras do ferrocarril, a Galiza é un país fundamente rural, fartureto en potencia e atrasado, cunha poboación maioritariamente labrega, mal mantida e sen instrución, que sofre os desaxustes estruturais da propiedade da terra (foros, minifundio,...) e unha industrialización escasa e incipiente, vencellada ao sector primario.

En canto á descripción que nos deixou de Betanzos, non é certamente o máis logrado do libro. Con todo, o espazo que lle dedica (case cinco páxinas, da 207 á 211) é extenso comparado con outras localidades semellantes, non en balde a califica como unha das máis importantes cidades galegas. Asimesmo, o acopio de datos que nos ofrece revela unha grande información –pese aos erros lóxicos nun visitante ocasional– suministrada polas guías da época e seguramente por algún ilustrado ou erudito da localidade. Os erros toponímicos que observamos no texto referido a Betanzos, e que ben poden ser erratas de imprenta, son os de Cachinas e Infesto por Cachiñas e Infesta, respectivamente. O uso de Mende para designar a un dos ríos betanceiros podería indicar o uso popular desta forma en detrimento da oficial Mendo; pola contra escribe Mandeo e non Mandeu.

Becerro comenza ollando a vila dende o alto da Infesta, a onde chegaba o viaxeiro do ferrocarril. Dende esa situación privilexiada e dominante, a paisaxe da vila ofrécelle unha agradable impresión, como non podía ser menos. Unha vez situado na Praza

(5) Estévez, Xosé: "Galicia na ollada do gasteiztarra Becerro de Bengoa", en *A Nosa Terra*, núm 290. Vigo, 10 de abril de 1986.



Gravado pouco posterior a 1883. En segundo termo, á dereita, a outra fábrica do Carregal, e ó fondo a silueta do ferrocarril na Infesta. Tomado de A. Erias, "As rías de Betanzos", en A B 1985.

do Campo (Campo da Feira), no que fai destaque da fonte de Diana, o convento de Santo Domingo, o edificio do Arquivo e a Alameda (que daquela era un auténtico mirador), vainos describindo o itinerario urbano e os principais monumentos que interesan ou poden interesar ao visitante: Porta da Vila, a Cadea Vella, a Casa do Concello, as igrexas de Santiago, Santa María e San Francisco. Sen esquecer as construcións populares (hórreos, balconadas de madeira...), os paseos polas ribeiras dos ríos rodeando o cinturón acuático da cidade, dende a Ponte Nova á Ponte Vella, para contemplar os arredores e chegar ao convento das Agostiñas e dende alí iniciar o ascenso das pinas rúas.

Antes de rematar o itinerario monumental non deixa Becerro de facernos unha cumprida descripción da fábrica de curtidos da Madalena, propiedade da familia Etcheverría. Unha industria de tanta importancia –a que máis de Betanzos e bisbarra, dende logo– non podía pasarlle desapercibida e a súa descripción técnica revela unha visita "in situ" para coñecer o seu funcionamento. Aparte do interese técnico, lóxico nun home preocupado polo progreso e o desenrolo, podería haber tamén razóns de paisanaxe ou amizade, pois do País Basco –aínda que da parte francesa– eran orixinaarios tamén os Etcheverría, segundo temos entendido. Non deixa de ser curioso o feito de que un dos anuncios –o único de establecementos de Betanzos– que figuran ao remate do libro de Becerro, e que deberon axudar a financeiro, sexa precisamente o da fábrica de curtidos dos Etcheverría.

Ademais desta familia de industriais e banqueiros, con grande influencia na vida local e comarcal, había por esta época en Betanzos unha serie de familias de orixe basca, algunhas delas dedicadas tamén nalgún intre á industria do curtido, como os Lissarrague ou Lizarrague (o propio Becerro cita a súa fábrica de curtidos) e os Mendiburu Etchevestre. Mais, contra dunha creencia xeralizada, no senso de seren indus-


triais de orixe basca os iniciadores das fábricas de curtidos na Galiza e na bisbarra betanceira, o profesor Meijide Pardo (6) veunos recentemente a demostrar documentalmente –no caso de Betanzos– que os industriais bascos foron continuadores e potenciadores dun labor industrial xa iniciado por empresarios rioxanos e mesmo autóctonos como o betanceiro Baltasar Rodríguez, fundador precisamente da industria que anos despois pasaría por venda aos Etcheverría. Con todo, estes foron os que mantiveron durante máis tempo e con maior puzanza a industria do curtido en Betanzos.

Non fai referencia Becerro de Bengoa á poboación betanceira, que non debía variar moito dos 8140 habitantes que dá para o concello o diccionario enciclopédico xa citado e publicado cinco anos despois da visita daquel. A mesma fonte infórmanos que aparte das fábricas de curtido, existían neses anos en Betanzos pequenas industrias de tecidos de lenzos, lá e panos, así como unha fábrica de tella e ladrillo.

A LONXANA ESTACION DA INFESTA

A mellora obxectiva nas comunicacións, no transporte e no comercio, que supuña a chegada do ferrocarril a Betanzos veuse empecida pola localización da súa estación no extrarradio a uns tres quilómetros do centro da vila. As condicionantes orográficas, probablemente, determinaron a situación da estación no lugar da Infesta, na parroquia de Requián, polo que levou o nome de "Betanzos-Infesta" (7). Isto conleva un custe adicional no transporte, tanto de viaxeiros como de mercadorías. Os viaxeiros que non querían ou non se atrevían a subir ou baixar a pé da estación tiñan que tomar un dos coches de cabalos de aluguer que


Portada do libro de Becerro e anuncio no mesmo da Fábrica de Curtidos dos "Etcheverría".



BETANZOS.
FÁBRICA DE CURTIDOS
LA MAGDALENA
DE LOS
HIJOS DE DOMINGO ETCHÉVARRIA.
FUNDADA EN 1837.
PALENCIA.
EL DIARIO PALENTINO,
PERIÓDICO DE NOTICIAS, INTERESES GENERALES Y ANUNCIOS,
REDACCION Y ADMINISTRACION
DON SANCHO, 13.
PRECIOS DE SUSCRICION.
Palencia, un mes. 1 peseta.
Fuera, tres meses. 4 »
GRIJOTA (Palencia).
FABRICA DE HARINAS
Marca «La 25»
DE
JUAN CRESPO.

(6) Meijide Pardo, A.: "Las primeras industrias del curtido en Betanzos", en *Untia*, núm 2. Betanzos, 1986.

(7) Popularmente chamóuselle –e séguese a chamar– á estación e ao lugar *O Norte*, polo feito de levar este nome unha das compañías arrendatarias da liña férrea, en detrimento do topónimo autóctono A Infesta, que fai referencia á súa situación (Infesta/Enfesta: lugar elevado).



Os carruaxes que fan á Estación do Norte. Fotografía do Programa de Festas de San Roque de 1900. AMB.

cobrían este servizo entre a estación e a vila. As mercadorías precisaban dun transporte suplementario, ben para embarcar na estación ou para chegar aos seus destinatarios na vila.

Xa no 1879, antes da inauguración oficial de toda a liña, un viaxeiro anónimo relatáballe a Murguía, director de *La Ilustración Gallega y Asturiana*, a súa viaxe no ferrocarril da Coruña a Lugo e referíase ao seu paso por Betanzos con estas palabras:

"No comprendo el por qué à esta última estación se llama de Betanzos, pues la distancia que hay al pueblo debe ser muy cerca de media legua: distínguese a vista de pájaro con sus casas y edificios agrupados y en forma de piña la antigua Flavium Brigantium. Hoy se está construyendo una carretera que podrá servir allá bien entrado el invierno, esto es, si trabajan en ella de seguido" (8).

No mesmo ano en que se inaugura oficialmente a liña férrea, o semanario local *El Censor*—que viña tamén inaugurar unha longa xeira de prensa local—facíase eco do malestar e incomodidade xeral que causaba a situación da estación: "Pasa por una verdad casi dogmática entre toda clase de gentes en Betanzos, que el establecimiento de la línea férrea por el punto de la Infesta, ha sido una de las causas que mas poderosamente contribuyeron à la decadencia de este pueblo, bajo el punto de vista comercial..." (9), mais con todo "...el ferro-carril, aun como hoy se haya, está llamado en Betanzos à ser fuente de grandes y positivas utilidades para esta localidad", sempre e cando se subsanaran as deficiencias que facían pouco rentable o traslado de mercadorías á estación da Infesta: carencia dun depósito de mercancías en Betanzos para evitar a competencia da estación coruñesa, traslado á estación da Coruña da mercancía que chegaba ao porto da veciña vila de Sada, os excesivos impostos municipais (arbitrios, consumos...), a falla dunha empresa "seria" de transporte entre Betanzos e a estación da Infesta e defectos de funcionamento da Aduana de Betanzos

(8) "De La Coruña a Lugo", en *La Ilustración Gallega y Asturiana*, núm 26. Madrid, 20-IX-1879.

(9) *El Censor*, núm 3. Betanzos, 12-XI-1883.

que perxudican o transporte marítimo a este porto e que "hicieron casi morir esta industria en nuestra ría." (10)

Poucos anos despois era Manuel Martínez Santiso quen deixaba constancia, na súa *Historia de la Ciudad de Betanzos*, da disconformidade –ampliamente compartida en moitos sectores da vila– co trazado:

"Los perjuicios que de aquí se siguieron /por non terse realizado a canalización da ría/ los estamos experimentando en la actualidad; puesto que si se hubiese canalizado el Mandeo desde Sada à Betanzos, es casi seguro que la vía-férrea, llamada del Noroeste, se hubiese hecho por nuestra ciudad, y no por la parroquia de Requián, como se hizo, con grande daño del pueblo, é infringiendo à la vez todo principio de justicia y de conveniencia, que aconsejaban traerla por Betanzos." (11)

Nun tono máis literario, o avogado Alguero Penedo facíase eco deste apartamento que sufría a cidade respecto da súa estación, nun artigo publicado na prensa local polo 1904:

"Pasó un día una locomotora, dicen que aventando inculturas y esparciendo bienestares, pero pasó de largo y sigue pasando por la cresta del monte, sin dejar otro rastro de sí que una estela de humo blanco hecho girones entre ramas de pinos siempre verdes.

Tras ella corren los hombres continua, vertiginosamente, y nadie se detiene, ninguno se para a no ser que allá abajo le llame algún trozo de sus tierras para ofrecerle sus frutos ó algún pedazo de su corazón para abrirle los brazos.

¡Pobre ciudad querida!" (12)

O problema da lonxanía da estación da Infesta só ficaría solucionado en parte trinta anos despois, co novo trazado da liña férrea Betanzos-Ferrol que enlazaba a nova estación, nomeada "Betanzos Pueblo", coa de "Betanzos-Infesta" na outra liña. Isto ocorría no 1913 e Becerro de Bengoa, o animoso propagandista do ferrocarril, xa non vivía para poder facernos a descripción do fermoso recorrido entre a capital das Mariñas e Ferrolterra.

DESCRIPCIÓN DE BETANZOS POR BECERRO DE BENGEOA

O texto referido a Betanzos reproducécese tal como foi publicado en *De Palencia á La Coruña*, cunhas notas aclaratorias do autor do presente traballo. A descripción de Betanzos por Becerro de Bengoa foi reproducida posteriormente nalgunha ocasión. Nós vímolaa publicada –a falta do primeiro parágrafo– en *El Eco de Galicia* de Buenos Aires, número correspondente ao vinte de marzo de 1898.

(...) Al llegar al barrio de Infesta, con sus huertas y sus cercas de pizarra, entramos, en el kil. 524,200 m., en la estacion de:

BETANZOS. Hay que tomar el coche para bajar á la ciudad, que dista unos tres kilómetros y que se destaca con su numeroso caserío, oscuro y blanco á trechos, con sus torres y su puente en una alturita en el fondo del valle, al

(10) *El Censor*, núm 4. Betanzos, 19-XI-1883.

(11) Martínez Santiso, M.: *Historia de la Ciudad de Betanzos*, páx 444-445. Betanzos, 1892 (Edic. facsímil de 1987). Quizá se refire ao frustrado proxecto de C. Lemaur no século XVIII.

(12) Alguero Penedo, J.: "Betanzos", en *La Aspiración*, núm 39, 24-XII-1904.

pié de hermosas colinas, sobre la ría, en el encuentro de los ríos Mende y Mandeo y en el centro de su bello paisaje. Betanzos fue el *Brigantium* de los romanos. En la antigua división de provincias tuvo el rango de capital de la de su nombre, que comprendía una ciudad, once villas y doscientas treinta y nueve parroquias. Hoy es una de las poblaciones más importantes de Galicia, de las que más reformas han sufrido en su edificación y cuyo porvenir industrial es seguro. Agradable é instructiva escursión puede hacer el viajero que visite ésta ciudad. En ella merecen verse el Campo de la fêria, ámplio y bien decorado, con su fuente de Diana cazadora en el centro, árboles, asientos, buenas casas de sillería, con profusión de galería de cristales, el convento de edificación moderna de Santo Domingo y la casa del Archivo, estenso edificio de poca altura, en el que está la Sociedad de recreo [1] con vastos salones, el telégrafo y varias oficinas, y en cuya parte posterior se encuentra la Alameda, lindo paseito sombreado por muchas acacias. Desde el campo y por la entrada de la derruida puerta de Castilla [2], cuyas armas están empotradas en una pared lateral, se pasa á la inclinada calle de la Plaza, animada por numerosos comercios. En ella, á la derecha está la Cárcel, con restos de arcos y capiteles del siglo XIV, que son los del palacio donde vivió,

acuñó monedas de cuero y murió el famoso caballero Fernan Perez de Andrade, gran personaje de la corte de Enrique II, señor de todo este territorio, en el que fundó siete iglesias, siete monasterios, siete puentes y siete hospitales, poniendo en todos ellos como señal el jabalí de piedra, *ó boo*, que fué su enseña desde la juventud [3]. Más arriba, á la izquierda de la plaza, cuya casa consistorial, de fachada jónica se construyó en tiempo de Fernando VII [4], se alza la parroquia de Santiago, ojival, del siglo XIII, con dos torres, una con chapitel de piedra y sin él la otra, porque se quitó para poner la armadura de campanas [5]; con el Apóstol y notable archivolta en la entrada principal, crucero prismático y ábside, canecillos decorados en toda la vuelta y largas ventanas. Marchando por la rua Traviesa, se encuentra el templo de Santa María del Azogue, ojival del siglo XIV, con resabios románicos; en su portada está la Virgen, tiene muy bella archivolta y en el tímpano la Anunciación y los Reyes, pintados de colores vivos [6]; múltiples columnas y arcaduras imitadas en los apoyos laterales, signos lapidarios y cifras. Sus curiosas ventanas muestran el adorno de la doble estrella morisca en la cima [7], con rosetones dentados en los arcos, canecillos con figuras y el jabalí de Andrade sobre el ángulo de la nave, sosteniendo la cruz. En la pared de la izquier-

[1] Debe referirse ao Liceo Recreativo de Artesanos. Nesa época existía tamén outra sociedade recreativa chamada Tertulia. As dúas ocupaban as dependencias do edificio Arquivo.

[2] A Porta da Vila (Porta de Castela) foi demolida no 1865. Segundo o diario local El Mendo, a "iniciativa" deste derribo así como o dos Soportais que baixaban da Praza, que pouco antes da visita de Becerro ameazaban ruína, debíase ao concelleiro e comerciante local Antonio Núñez Taboada. Becerro non cita as armas de Betanzos e Galiza, tamén empotradas na parede lateral dunha casa da Porta da Vila.

[3] Fernán Perez de Andrade, pese a ter pazo en Betanzos, nunca foi señor da vila, xa que esta era realenga. Tampouco está claro que tivese facultade de acuñar moeda. Quizais por algunha confusión ou descoñecemento da lingua galega, Becerro aponlle "o Boo", co que foi coñecido Fernán Peres, ao seu símbolo totémico o xabarín.

[4] A casa consistorial, comenzada a construír no 1778, correspóndese coa época do reinado de Carlos III e non, como erroneamente di o autor, ao de Fernando VII.

[5] A igrexa de Santiago foi construída no século XIV. A data do século XIII pode referirse á da anterior igrexa, románica. Na época da visita de Becerro a igrexa de Santiago contaba cunha única torre, suprimida na desacertada reconstrución da fachada no 1900 para erixir as dúas torres actuais, que non foron construídas a un tempo, xa que unha delas tardou varios anos en colocarse. A outra que cita é a Torre do Reloxio, municipal, adosada ao ábside, que o autor supón conformando parte da igrexa.

[6] Non se trata dunha presunta policromía tradicional, como poidera desprenderse do texto, senón froito da actividade dun párroco con escasa formación e gosto artístico. Déixao ben claro Murguía uns anos despois ao falar da igrexa de Santa María: "El actual cura párroco trata a su iglesia á la manera de los vándalos. La pintarrajeó, como si fuera cuestión del más ínfimo templo rural..." (*Galicia*, Barcelona, 1888)

[7] Trátase sen dúbida da estrela de David, moi presente nas igrexas betanceiras relacionadas con Andrade "o Boo".

da del templo, sobre una puerta tapiada, hay un relieve con el Salvador pesando las almas [8]. El interior es sencillo, rudo, de 3 naves, sin crucero, con airosos arcos, escudos y cabezas de leones sobre los capiteles; el jabalí á la izquierda del arco principal; tres ábsides con gruesos aristones y techo ó bóveda general de tabla. Un poco más abajo está San Francisco, de cuyo monasterio solo se conserva la iglesia [9]. Es un templo semejante al anterior, más adornado y algo más moderno, de mediados del siglo XIV, con tres ábsides de abundante ornamentación en las esbeltas ventanas, leones en lo alto y jabalíes sosteniendo la cruz en las fachaditas avanzadas del crucero, que es de dos cuerpos escalonados. Al más pequeño de la derecha está adosada, según costumbre, la capillita de la Soledad. La portada es de característica archivolta con la Virgen en el centro; los reyes magos á la izquierda y San Francisco á la derecha. En los sillares bajos hay grabadas tijeras, flores de lis y cruces. El claustro yace derruido en un solar inmediato [10]. El interior, de tres naves, tiene detalles muy curiosos, y en la capilla mayor está enterrado el fundador, al lado del evangelio y su esposa enfrente (1387) leyéndose en la inscripción:

JAZ FERNAN PEREZ DE ANDRADE:
CABALLERO. [11]

Por la calle de San Francisco puede bajarse al arco del puente, hácia la Ribera y las Cachinas. En el puente huele ya á la marisma; se distingue alguna blanca vela en la ría á lo lejos y cruzan por la carretera las mujeres descalzas, limpias y airosas, con vistosos colores en sus trajes de percal, llevando algun cesto ó herrada en la cabeza. El juncal de Sarra se es-

tiende hácia el mar, el de Cachinas hácia la hondonada, con hórreos en la misma orilla del agua y con rústicas casas de largos balcones de madera. Mirando á la ciudad se descubre un hermoso panorama, en el valle que forman y circundan la montería de Sarra, las verdes cimas de Os Penedos, las colinas de pinos de las Cascas, la parroquia de Requian, Infesto donde está la estación, Abelares, la Antigua [12], Peirao, Rivalta, sobre la ría, Monte Celo y Pazo de Láncara. Al otro extremo del puente se halla el barrio de la Magdalena y en él la fábrica de curtidos de *Hijos de Domingo Etcheverría*, que es el mejor establecimiento de Betanzos y de su comarca. Descúbrense desde lejos sus blancas fachadas con simétricas filas de ventanas, que destacan sobre él verdor del fondo y su alta chimenea, cuyos penachos de humo al subir por entre las cimas del valle, anuncian al progreso y á la actividad industrial. Impulsa el mecanismo de esta fábrica una máquina de vapor Córllis de 30 caballos, cuyo hogar se calienta con los desechos de las cortezas secas y molidas y cuyo volante comunica el movimiento á diversos curiosos aparatos como el triturador de cortezas, el planchador de suela, los cilindros de limpieza de la cal y otros. Cuenta con grandes galerías de tinajas, secadores, aparatos de compresión para la cola fina y basta, tintes y almacenes de toda clase de cueros finos, bastos, becerros, badanas y diversos productos. Esta fábrica fundada en 1837, por el animoso vasco Sr. Etcheverría, ocupa por término medio de 50 á 60 operarios y surte á España, á Puerto-Rico y á Filipinas. [13]

No muy lejos de ella hay otra en menor es-

[8] É común opinión na tradición cristiana que o personaxe encargado da pesaxe das almas é San Miguel. O tema repétese no interior da igrexa de San Francisco.

[9] O mosteiro, abandonado a raíz da Desamortización de 1834, foise arruinando e saqueando pouco a pouco e xa non existía nesa época.

[10] O claustro derrubouse no 1872 para abrir a rúa de baixada, que durante un tempo coñeceu como "do Derribo".

[11] No 1883 os sartegos de Andrade e da súa dona xa foran retirados da capela maior, polo que a memoria de Becerro puido ser traicionada pola lectura dalgún texto ou gufa que fixera referencia ao emprazamento primitivo. Sobre o problema do sartego da muller de Andrade, véxase no *Anuario Brigantino 1991*, nº 14 o traballo de Alfredo Erias "Xente da Baixa Idade Media (III)". A inscrición correcta e completa é a seguinte: AQUI : IAZ : FERNAN / PEREZ : DANDEADE : CAVA / LEIRO : QUE : FEZO ESTE : MOESTEIRO : ANNO : DO NASCEMENTO / DO NOSO SEN / NOR : IHESU : XPRISTO DE : MIL (E)T CCC : ET : OYTEENTA SETE : ANOS.

[12] "La Antigua" pode facer referencia a Tiobre ou Betanzos o Vello, antigo emprazamento da vila.

[13] En realidade, a fábrica foi instalada a finais do século XVIII polo comerciante local Baltasar Rodríguez Romero, quen lla vendeu a Domingo Etcheverría. Este daríalle un notable pulo á industria.

CUADRO DE MARCHA
para servicio del viajero
según el cartel oficial de 1.º de
Setiembre de 1883.

PRECIOS de los billetes, con inclusión del impuesto para el Tesoro			Distancias kilométricas desde Palencia.	ESTACIONES.	CORROS
1.ª clase.	2.ª clase.	3.ª clase.			
Pi. Cs.	Pi. Cs.	Pi. Cs.			
0.70	0.55	0.35	0	Palencia.	Salida
1.30	0.95	0.60	6	Grijota.	6.40
1.65	1.25	0.75	14	Villanubrales.	6.59
2.25	1.85	1.10	21	Decerril.	7.06
3.25	2.45	1.45	28	Paredes.	7.20
1.05	3.05	1.85	35	Villalumbroso.	7.35
3.30	4.00	2.40	49	Cisneros.	7.49
4.45	4.85	2.90	58	Villada.	8.10
7.05	5.30	3.20	61	Grajales.	8.24
7.85	5.90	3.55	68	Salgado.	8.42
9.20	6.90	4.15	80	El Burgo (Raneros).	8.54
11.05	8.30	5.00	99	Santas Martas.	9.38
12.10	9.10	5.45	103	Palenquinos.	9.54
13.15	9.85	5.90	114	Torneros.	10.07
14.15	10.65	6.40	123	Leon.	Llegada 10.21
15.30	11.50	6.90	133	Quintana.	Salida 10.51
16.45	12.35	7.45	143	Villadangos.	11.08
18.20	13.65	8.20	158	Veguellina.	11.25
20.15	15.10	9.10	175	Astorga.	11.50
21.40	16.05	9.85	180	Vega.	12.23
23.25	17.45	10.50	203	Brañuelas.	12.42
24.65	18.50	11.10	214	La Granja.	1.31
25.80	19.35	11.60	224	Torre.	1.46
26.70	20.05	12.05	232	Bembibre.	2.05
27.85	20.90	12.53	243	Sau Miguel.	2.34
28.90	21.05	13.00	251	Ponferrada.	Llegada 2.58
					Salida 3.06

cala, que es la del Sr. Lizarrague y también está en el valle la del Sr. Montouto.

Desde el puente, y dando la vuelta por la ribera, se pueden visitar y contemplar el puente del río Mandeo, las bonitas cercanías cubiertas de vides, maíces y castaños, la ría con sus barcas, el convento de Agustinas y las pendientes calles que conducen á lo alto de la ciudad. Las casas son de granito y en las nuevas, que son muchas, repítase la decoración de Lugo, convexos balcones de hierro, coloreados remates de cristal, y altas galerías. Los tejados son de teja; el empedrado es regular y en varias calles su única acera vá por el medio. Celebra Betanzos sus ferias los días 16 y 1º.

PRECIOS de los billetes, con inclusión del impuesto para el Tesoro			Distancias kilométricas desde Palencia.	ESTACIONES.	CORROS
1.ª clase.	2.ª clase.	3.ª clase.			
Pi. Cs.	Pi. Cs.	Pi. Cs.			
30.00	22.95	13.80	226	Toral de los Vados.	3.32
32.55	24.45	14.65	283	Queroño.	3.59
33.50	25.10	15.10	291	Sobradelo.	4.13
34.30	25.75	15.45	298	Barco.	4.25
35.65	26.75	16.05	310	La Rúa-Petín.	4.53
37.70	27.65	16.55	319	Montefarado.	5.00
38.45	28.85	17.30	334	San Clodio.	5.35
40.40	30.30	18.20	351	Puebla de Brollón.	6.11
41.55	31.15	18.70	331	Monforte.	Llegada 6.28
42.90	32.20	19.35	373	Bóveda.	Salida 6.58
43.25	32.45	19.50	376	Rubian.	7.19
44.55	33.40	20.05	387	Oural.	7.46
45.70	34.25	20.55	397	Sárria.	8.10
47.30	35.45	21.30	411	Puebla de S. Julian.	8.32
48.55	36.40	21.85	422	Lajosa.	8.52
49.70	37.30	22.40	432	Lugo.	Llegada 9.21
51.45	38.60	23.15	447	Rábade.	Salida 9.49
52.90	39.70	23.85	460	Basmonde.	10.12
53.75	40.30	24.20	467	Parga.	10.25
54.55	40.90	24.55	474	Guitiriz.	10.35
56.15	42.10	25.30	488	Tejedor.	11.01
57.30	43.00	25.80	498	Curtis.	11.24
58.85	44.00	26.40	510	Cesuras.	11.46
59.35	44.55	26.75	516	San Pedro de Oza.	11.58
60.40	45.30	27.20	525	Betanzos.	12.17
61.80	46.36	27.80	537	Cambre.	12.41
62.25	46.10	28.00	541	El Burgo (Santiago).	12.50
63.35	37.75	22.65	547	Coruña.	Llegada 1.00

El ramal de Toral de los Vados á Villafranca, comprende 10 k. de longitud.—El tren sale á las 3,45 de la tarde y llega á las 4,5; costando 1,30 en 1.ª, 0,95 en 2.ª y 0,60 en 3.ª

El trayecto de Betanzos á la Coruña se hace bajando á buscar la cuenca del Mero y siguiendo sus orillas hasta la ría de la Capital. Nada hay que decir de este delicioso territorio de *Las Marinas* en que la frondosa y eterna vejetación cubre vallados, vegas y montes, donde por doquier se distinguen los pinares, los castañales, frescos sembrados de maíz, trigo, patatas, hortalizas y estensos viñedos y en el que la influencia de la inmediata ciudad se deja conocer desde luego por la presencia de bellas casas de campo, huertas y fábricas. El aire es fresco y húmedo; la brisa del mar nos saluda y el movimiento en los caminos y en los pueblecitos anuncian al puerto y á la metrópoli gallega. ♦

